



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 25 DE OUTUBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00047442M.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028495X.

Adxudicación do contrato "Subministración de 600 composteiros individuais de exterior, aireadores, termómetros para compostaxe doméstica; e subministración, transporte, descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe no Concello de Santiago", a favor da empresa BERCA BRAND SL.

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa BERCA BRAND SL, por un importe de 40.585,09 euros, IVE engadido, (33.541,40 euros +IVE 21%: 7.043,69 euros), sendo a súa oferta a única presentada e cumprir os requirimentos dos pregos de aplicación.

Así mesmo, compromete unha porcentaxe de 100 % de material reciclado usado na fabricación dos COINEX, unha vida útil de 20 anos dos COINEX, un plan que garanta a retirada e recollida dos COINEX ao final da súa vida útil, unha porcentaxe de 100 % de material que se poida reutilizar, reparar ou con material reciclado na fabricación das tapas das UMC, unha porcentaxe de 100 % de material que se poida reutilizar, reparar ou con material reciclado na fabricación das estruturas que soportan paredes e demais elementos da UMC, unha vida útil de 15 anos dos UMC, un plan que garanta a retirada e recollida dos UMC ao final da súa vida útil, a subministración adicional de 200 unidades de pezas de reposición (tapas e varas de ensamblaxe), a subministración de 600 unidades de cubos de aproximadamente entre 8-10 litros para separación selectiva dos biorresiduos nos fogares e a entrega de 600 unidades dun manual de compostaxe.

Existe crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal para financiar esta actuación con cargo a aplicación orzamentaria **020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 2**.

O financiamento desta actuación forma parte das axudas en materia de residuos de competencia municipal cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035137M.

Adxudicación o contrato "Subministración de dous (2) puntos limpos móbiles no Concello de Santiago de Compostela" a favor da empresa BAYGAR SL

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa BAYGAR SL por un importe de 60.500 euros (50.000 euros + IVE 21%: 10.500 euros), sendo a súa oferta a única presentada e cumprir os requirimentos dos pregos de aplicación.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía dos bens de 3 anos.

Existe crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal para financiar esta actuación con cargo a aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 2.

O financiamento desta actuación forma parte das axudas en materia de residuos de competencia municipal cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

4. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0049.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por Servizos Centros Públicos Santiago de Compostela UTE, en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalación dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de marzo a abril de 2021.

Acórdase:

Resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora que se relaciona a continuación, referido ás facturas e relacións contables detalladas nos antecedentes, no senso que se indica:

Facturas emitidas por UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (SEVIZOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE) en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período dos meses de marzo e abril de 2021:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CIENTO OITENTA E UN MIL SETECENTOS UN EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (181.701,88 €) que se relacionan no punto 1 dos ANTECEDENTES, en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de marzo e abril de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

5. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0050.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por Servizos Centros Públicos Santiago de Compostela UTE, en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao mes de maio de 2021.

Acórdase:

Resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora que se relaciona a continuación, referido ás facturas e relacións contables detalladas nos antecedentes, no senso que se indica:

Facturas emitidas por UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (SEVIZOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE) en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período do mes de maio de 2021:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVENTA MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (90.850,94 €) que se relacionan no punto 1 dos ANTECEDENTES, en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de maio de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

6. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0051.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por Servizos Centros Públicos Santiago de Compostela UTE, en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago, correspondentes ao mes de xuño de 2021

Acórdase:

Resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora que se relaciona a continuación, referido ás facturas e relacións contables detalladas nos antecedentes, no senso que se indica:

Facturas emitidas por UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (SEVIZOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE) en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período do mes de xuño de 2021:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVENTA MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (90.850,94 €) que se relacionan no punto 1 dos ANTECEDENTES, en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de xuño de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

7. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0052.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora das facturas expedidas por Servizos Centros Públicos Santiago de Compostela UTE, en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período dos meses de xullo e agosto de 2021.

Acórdase:

Resolver o expediente de convalidación da omisión da función interventora que se relaciona a continuación, referido ás facturas e relacións contables detalladas nos antecedentes, no senso que se indica:

Facturas emitidas por UTE FERROVIAL SERVICIOS, S.A. y FERROSER SERVICIOS AUXILIARES, S.A. (SEVIZOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE) en concepto de servizos de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período dos meses de xullo e agosto de 2021:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO SETENTA E CINCO MIL CENTO TRINTA E UN EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (175.131,80 €) que se relacionan no punto 1 dos ANTECEDENTES, en concepto de servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP do Concello de Santiago de Compostela, correspondentes ao período de xullo e agosto de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.